

A PEGADA DOCUMENTAL DA BALTEIRA HISTÓRICA: UNHA REVISIÓN CRÍTICA *

Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ
Universidade de Santiago de Compostela
Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
(CSIC-Xunta de Galicia)

Ricardo PICHEL
Universidad Nacional de Educación a Distancia
Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago
de Compostela

O interese por estudar a relación das mulleres coa lírica trobadoresca galego-portuguesa tense ampliado notablemente nos últimos anos, transcendendo os estudos centrados en analizar as representacións femininas¹. Así, non foron poucos os avances conseguidos á hora de documentar historicamente figuras femininas mencionadas explicitamente nas cantigas, así como

* Este traballo foi realizado no ámbito dos proxectos de investigación PID2022-137790NB-I00, CM/2018-T1/HUM-10230 e CM/2022-5A/HUM-24226, e beneficiouse das investigacións desenvolvidas nos proxectos PID2019-108910GB-C22, PID2022-141727NB-C22, PID2022-141561OB-I00 e SXPL/2021-CP037. Así mesmo enmárcase nos traballos encamiñados á realización da tese de doutoramento en curso de Miguel García-Fernández: *Mulleres e cultura escrita na Galicia medieval (séculos XIII ao XVI)*, dirixida por Diana Pelaz Flores e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, na Universidade de Santiago de Compostela.

¹ Neste ámbito hai unha extensa produción bibliográfica, da que non é o momento de facer un balance ou estado da cuestión. De todos modos, unha boa parte dela xa aparece recollida na base de datos BiRMed3.

outras que, de forma directa ou indirecta, contribuíron ao desenvolvemento e difusión do fenómeno trobadoresco². Neste camiño, resultou fundamental ir máis alá do estudo dos cancioneros e das cantigas neles recollidas, para profundar na (re)lectura da abundante prosa documental que chegou até nós, especialmente asociada a diferentes institucións relixiosas do Occidente peninsular³. Mais cómpre recoñecer que esta liña de traballo, máis que novidosa, é en boa medida unha recuperación e actualización dunha metodoloxía de traballo que asenta as súas bases e primeiros resultados en diversos traballos do século XIX e de comezos do século XX, que, con maior ou menor fortuna, contribuíron a poñer en relación os textos co seu contexto histórico e mesmo a ofrecer as primeiras certezas e hipóteses para unha revisión histórica dos axentes e tamén dos contidos das cantigas dos trobadores. É dentro dese contexto no que non só aparecen figuras referenciais como a da investigadora alemá Carolina Michaëlis de Vasconcelos (2004), senón tamén eruditos como o arquivista e editor Andrés Martínez Salazar (López Gómez 2023).

A Andrés Martínez Salazar correspóndelle precisamente a autoría dun traballo de grande impacto historiográfico arredor dunha desas feminidades rexistradas nas cantigas galego-portuguesas: María Pérez, a Balteira. Trátase do artigo titulado «La Edad Media en Galicia. Una gallega célebre en el siglo XIII», publicado en 1897⁴; un texto que sentou ás bases sobre a suposta feminidade histórica da certamente célebre, mais tamén fortemente vilipendiada, soldadeira. Neste marco, o obxectivo primordial deste traballo será revisar a proposta de identificación histórica que ofreceu Martínez Salazar para esta figura, sobre todo no que atinxe aos testemuños documentais que aduciu e que constitúen os piares sobre os que se construíu ao longo de máis dunha centuria a historicidade da Balteira, non só no ámbito da investigación histórico-literaria, senón tamén no eido da divulgación e mesmo da creación literaria actual. Non entraremos a examinar outros aspectos de interese sobre esta figura, amplamente abordados na bibliografía, como son os relativos á súa presenza e representación no

² Véxase a modo de estado da cuestión García-Fernández no prelo, así como as entradas específicas recollidas en Marcenaro / González (2023).

³ Bos exemplos desta liña de traballo son as monografías de Oliveira (1994 e 1995), Miranda (2004), Souto Cabo (2012) ou Monteagudo (2014), entre outros, aos que cumpriría engadir numerosos estudos tanto en forma de artigos e capítulos de libro, como de epígrafes en obras máis amplas.

⁴ O traballo apareceu concretamente nas páxinas 298-304 da *Revista crítica de historia y literatura españolas, portuguesas e hispano-americanas*, publicada en Madrid en outubro de 1897; e posteriormente foi recollido en Martínez Salazar (1947: 197-216), edición que seguimos neste traballo.

corpus trobadoresco galego-portugués⁵. Advirtamos só que, en boa medida, a imaxe literaria da soldadeira está marcada pola conformación dun anti-retrato feminino marcado por unha forte misoxinia. Así, María Pérez, a Balteira, preséntasenos a ollos dos seus contemporáneos como unha muller interesada, lasciva, promiscua, agoreira, temperamental e colérica, arteira e pecadora, xogadora de dados, estreitamente relacionada tanto cos trobadores como cos musulmáns do outro lado da fronteira, e, ao mesmo tempo, tamén se fala dela como unha muller vella —a modo de inversión da *descriptio puellae* ou como reflexo dunha idade biolóxica?— ou, incluso, como unha muller arrepentida.

No seu citado traballo sobre a Balteira, Martínez Salazar editou un interesante pergamiño procedente dos fondos documentais do mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado⁶ —actualmente conservado no Arquivo do Reino de Galicia (EGPAdoc-00207)—, que está protagonizado xuridicamente pola devandita comunidade monástica e unha muller chamada «dona María Pérez». O documento en cuestión⁸ recolle un acordo entre as dúas partes, polo cal o abade e o convento de Santa María de Sobrado compran a dona María Pérez unha herdade que tiña en Armeá (Coirós, Betanzos, A Coruña) a cambio de 230 soldos e da entrega dunha serie de produtos —pan, queixo, manteiga, verzas, nabos, roupas e mesmo zapatos...—, ben anualmente, ben por períodos de tres en tres anos ou de dous en dous. Ademais, acordan —e este é un dos aspectos máis destacados do documento— que, como «ela é cruzada», «se for na cruzada» débenlle dar 200 soldos da granxa do Carballo Torto, contemplándose no acordo tamén o que pasaría «se ela nom for ena cruzada».

⁵ Remitimos neste aspecto a traballos de referencia como Lopes (1998: 237-244), Souza (2002), Corral Díaz (2010), Vázquez García (2018) etc. Cómpre advertir, de todos modos, que non existe un consenso definitivo sobre o número de cantigas que farían realmente alusión a María Pérez, a Balteira, sen contarmos coa complexidade de precisar a cronoloxía compositiva dalgúns destes textos, cuestión sobre a que difiren os especialistas mais que nos axudaría a precisar hipóteses histórico-biográficas sobre a mencionada soldadeira.

⁶ Conservada principalmente entre os fondos do Archivo Histórico Nacional, o Arquivo do Reino de Galicia e o Arquivo da Real Academia Galega, trátase dunha colección documental aínda pendente de ser editada, sobre todo no que respecta ao seu período baixomedieval e, consecuentemente, máis alá dos célebres e recorrentemente usados tombos de Sobrado dos Monxes (Pardo Ferrín 1959, Loscertales de G. de Valdeavellano 1976). Esta situación resulta sorprendente, sobre todo tendo en conta a importancia historiográfica que se lle concedeu a esta institución no panorama investigador galego. Unha achega recente a partir dos pergamiños medievais de Sobrado dos Monxes que posuía outro erudito coetáneo a Martínez Salazar como foi Manuel Murguía en García-Fernández e Pichel (2024).

⁷ <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPAdoc/EGPAdoc-0020.xml>.

⁸ Para unha análise do seu contido desde unha perspectiva xeral véxase Ventura (2017).

Pola súa parte, dona María debería «fazer servizo ao mosteiro fielmente, assí como familiaria et amiga», recibindo ademais o privilexio de que «á súa morte devé[mos]la levar a Sobrado en ataúde cum cubertura de III varas d'estanfort vermello et fazérenlle dévedo de familiar complido», o que demostra a estreita relación existente entre esta muller e o mosteiro.

A coincidencia onomástica entre esta dona María Pérez e a muller mencionada por varios trovadores, entre eles algúns directamente vencellados ao territorio galego, así como esa referencia a tratarse dunha muller cruzada, que mesmo contempla a posibilidade de viaxar na Cruzada⁹, rapidamente levaron a Martínez Salazar (1947: 213) a pensar nunha das cantigas de Pero da Ponte onde se fala de «María Perez, a vossa cruzada»¹⁰ e, daquela, a «caer en la cuenta de que la piadosísima otorgante del documento de Sobrado era la única María Balteyra tan traída y llevada por aquellos maleantes y despiadados trovadores, sus contemporáneos, paisanos o convecinos».

Sendo unha hipótese do máis suxestiva¹¹, si cómpre advertir as súas dúas principais debilidades. En primeiro lugar, fundamentarse sobre una onomástica non pouco frecuente no século XIII —non só en Galicia, senón tamén no conxunto de territorios asociados de forma directa ou indirecta aos trovadores que mencionan a María Pérez ou María Balteira, entre eles Afonso X— e, en segundo lugar, a problemática de encaixar a figura (re)creada polos autores das cantigas cunha figura feminina galega que, a teor do sinalado no documento, non é senón de procedencia nobiliaria —cando menos da nobreza local¹²— e, ao mesmo tempo, ten unha relación sumamente estreita cos monxes de Santa María de Sobrado, de forma que a propia contemplación do seu enterramento no cenobio e a súa condición de *familiar e amiga* —talvez por tratarse dunha muller na vellez, soa e sen descendentes directos ou cando menos susceptibles de coidala?— fai pensar nunha residencia non moi afastada da propia comunidade monástica. Encaixa todo isto co realmente pouco que sabemos sobre

⁹ Sobre a adquisición da condición de cruzada talvez como sinónimo da compra dunha bula de cruzada en lugar dunha viaxe a Terra Santa, véxase Ventura Ruiz (2015: 1177-1182).

¹⁰ Trátase da cantiga n.º 1654, cuxa edición estará dispoñible proximamente en Ferreiro (2018-).

¹¹ O propio Andrés Martínez Salazar (1911: 24) volveu publicar uns anos despois este documento e, nunha nota inicial, ratificouse na súa conclusión anterior respecto da identidade de dona María Pérez: «Es la Maria Balteyra tan criticada por los trovadores del *Cancioneiro da Vaticana*».

¹² Así o apunta non só o tratamento de «dona» que antecede o seu nome, senón tamén o «don» que acompaña o de seu pai: «dom Pedro Iohannis de Guimaranes». Pola contra, a nai, Azenda Pais, non recibe o mesmo tratamento, o que talvez podería remitir a un casamento hipergámico desta.

unha Balteira que só podemos coñecer a partir das críticas dos seus contemporáneos? É verdade que a soldadeira parece ter uns contactos, movementos e relacións ao máis alto nivel, mais exceptuando a coincidencia do nome e a asociación á cruzada, cómpre sermos cautos e pasar da afirmación categórica ao que non vai máis alá de ser unha mera hipótese de identificación.

En todo caso, na procura de documentar a personalidade histórica de (dona) María Pérez (a Balteira), Martínez Salazar (1947: 212-213) apuntou tamén cara á «venta y donaciones que hizo al Monasterio de Monfero, que sospechamos sean suyas, no sólo por la identidad de los nombres y por la proximidad de las fechas, sí que también porque los bienes vendidos por D.^a María Pérez al Monasterio de Sobrado radicaban en la misma comarca, o en la inmediata, que los donados por ella al de Monfero». Inmediatamente despois, incorporou nunha nota a rodapé un conxunto de referencias para as que, non obstante, non indicou ningún tipo de localización arquivística. Antes de procurar botar luz sobre elas, nun exercicio que, a pesar do paso do tempo e de forma sorprendente, aínda estaba pendente, recollemos a continuación a nota íntegra do investigador:

María Pérez y su hermano Martín Pérez vendieron el año 1263 al Monasterio de Monfero ciertos bienes situados «junto a S. Crimente de Guimil, cave el rio Lambre» (Puentedeume-La Coruña). La misma, en 1261, hizo donación a dicho Monasterio de un sexto de Villarmayor, donde llaman Pía (Puentedeume-La Coruña), en 1280 dona al citado Monasterio algunas heredades en S. Fiiz y en San Jurjo de Torres (Puentedeume-La Coruña). En 1281 dona al mismo Monasterio su hacienda de Vigo y de Pousadoira (Betanzos-La Coruña), y, por último, en 1285 hace donación al citado Monasterio de la sexta parte de la iglesia de Mantaras (Betanzos-La Coruña) (Martínez Salazar 1947: 212, n. 38).

Se ben a nómina de investigadores que repetiron a proposta de identificación lanzada a finais do século XIX non fixo máis que engrosarse até os nosos días, cómpre advertir que non se aprecia nela unha vontade real por revisar directamente as fontes citadas por Martínez Salazar, e non só no referido ao documento de 1257 —o único editado no traballo orixinal e que, de todos modos, si contaría con algunha reedición posterior, mais no marco de estudos filolóxicos doutra natureza (Souto Cabo 2008: 83-84, doc. 63), o que, en todo caso, non derivou nun cuestionamento da hipótese de partida sobre a identidade da súa protagonista— senón sobre todo en relación a esoutras mencións documentais ás que nos acabamos de referir e que, unha vez consolidada a idea dunha identificación histórica xeral para (dona) María Pérez, parece que non espertaron o máis mínimo interese en ser localizadas, transcritas e estudadas por todos aqueles que se achegaron ao estudo da figura da Balteira.

Así, só en tempos recentes, e de novo no marco de iniciativas de transcripción documental completamente alleas ao estudo da lírica galego-portuguesa, os documentos de Monfero foron obxecto dun proceso de recuperación e edición (López Sangil *et al.* 2020) que, sen dúbida, contribuíu a animarnos a repensar o seu papel á hora de reforzar ou, neste caso máis ben, debilitar a construción historiográfica sobre a figura da Balteira.

Centrándonos nas mencións monferesas, un total de 5 rexistros datados entre 1263 e 1285 segundo Martínez Salazar, aos que cómpre engadir outra máis de 1220, relativa *a priori* ao pai da Balteira¹³, advertimos un primeiro problema. Polo momento, e á espera dunha investigación máis profunda no marco dos traballos desenvolvidos dentro do Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA), só localizamos algúns dos pergamiños orixinais aos que fai referencia o investigador, mentres doutros só atopamos alusións directas a través de inventarios documentais do século XIX. Daquela, a revisión exhaustiva e edición apenas se puido facer sobre algúns deles. Un segundo problema ten que ver coa fiabilidade dos datos aportados por Martínez Salazar, xa que, ao examinar os documentos orixinais conservados e poñelos en relación cos contidos indicados polo investigador, hai un problema recorrente respecto do uso do sistema de datación pola era hispánica. Sorprendentemente, Martínez Salazar parece esquecer esta variable, que implica reaxustar a cronoloxía dos pergamiños a 38 anos antes. A importancia deste erro —sorprendente no caso dun investigador coma el, que estaba acostumado a traballar coa documentación medieval— ten que ver co feito de comprometer a suposta «proximidade de las fechas» respecto do documento de Santa María de Sobrado de 1257 protagonizado por «dona María Pérez». Lonxe de situarse todos cara a mediados de centuria, algúns lévannos a 1225 e outros, supostamente, á década dos oitenta, o que implica dilatar aínda máis a xa de por si complicada cronoloxía que se defende para María Pérez a Balteira. Vexamos algúns exemplos.

Respecto da doazón a favor de Santa María de Monfero de Pedro Guimarás, identificado por Martínez Salazar co pai da Balteira, el sitúaa en 1220, mais o documento ao que parece corresponderse é un pergamiño datado na era de 1240, é dicir, no ano 1202. Nel comprobamos que «Petrus Gimaraz» doa varias propiedades a Monfero *pro anima* (López Sangil *et al.* 2020: 192-193, doc. 163; EGPA doc-0226¹⁴), figurando no verso do pergamiño, en letra posterior, a referencia toponímica á que alude Martínez Salazar mais que non

¹³ Martínez Salazar (1947: 212, n. 37): «Pedro Guimarás [*sic*] donó, en 1220, al Monasterio de Monfero, ciertas herdades que poseía en Bouriz (Buriz o Buris), (Lugo y La Coruña). Hay en esta última provincia cuatro aldeas que llevan el nombre de Guimarás».

¹⁴ <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPA doc/EGPA doc-0226.xml>.

aparece no texto propiamente medieval do documento: «Buriz»¹⁵. Máis alá dos erros e imprecisións, certamente nada comprometería a súa identificación co pai de dona María Pérez, xa que carece de calquera tipo de referencia a familiares, por moito que se documente entre as testemuñas un «Martinus Petriz» —nome certamente frecuente e do que, no caso de ser un posible fillo, talvez sería declarado como tal despois de indicarse o seu nome—.

Respecto da venda outorgada, *a priori*, en 1263 por María Pérez e o seu irmán Martín Pérez a favor de Monfero, esta correspóndese cun documento de tal contido mais do 11 de febreiro da era de 1263, ou, o que é o mesmo, do ano 1225 (López Sangil *et al.* 2020: 251-252, doc. 224; EGPAdoc-0041)¹⁶. Non semella haber posibilidade de erro nesta identificación documental que ofrecermos, xa que a propiedade vendida xustamente se sitúa «sub aula Sancti Clementi, in ripa rivulo Labre», como recollía Martínez Salazar na súa nota. Sen outros datos xenealóxicos, salvo o vínculo entre os irmáns —e carentes ambos os dous do tratamento de don/dona—, apenas podemos engadir a especificidade de recibir Martín Pérez o alcume de «Garzón»¹⁷.

No caso da doazón de 1261 outorgada por María Pérez respecto dun sexto de Vilamaior, onde chaman Pía, non localizamos o pergamiño orixinal. De todos modos, a coincidencia de contidos é total cun rexesto extraído dun dos códices conservados no Archivo Histórico Nacional (AHN, Códice 259B, fol. 11v), referido por López Sangil *et al.* (2020: 260, doc. 235): «María Pérez de Goimil dona al monasterio de Monfero un sexto de Vilarmayor, donde llaman Pía». O interesante deste pequeno rexesto é que se situaría realmente en 1226 e a onomástica da muller complétase do seguinte modo: «María Pérez de Goimil». De feito, esta non parece ser a única vez que se documenta esta muller na devandita colección documental de Monfero. Así, podería identificarse cunha María Pérez que vendeu en 1236 a Monfero, acompañada do seu irmán Pedro Pérez, unha herdade en Goimil, situada xunto a San Clemente, preto do río Lambre¹⁸, o que nos podería servir para identificar esta(s) María(s) Pérez coa referida no anteriormente mencionado documento de 1225. Ao mesmo tempo, si chegou a nós e está localizado un pergamiño orixinal do 7 de outubro de 1236 polo que, precisamente, «dona Maria Petri de Guymir» —e consta explicitamente o tratamento de dona— doou a Monfero o pomar de Pía, en «Villa Mundi» (López Sangil *et al.* 2020: 295-296,

¹⁵ AHN, Clero Secular-Regular, carp. 498, n.º 4.

¹⁶ <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPAdoc/EGPAdoc-0041.xml>.

¹⁷ De feito, uns días máis tarde documéntase unha nova María Pérez, irmá dun Martín Pérez, nun acto xurídico outorgado por «Thomas Ovequit, una cum fratribus meis Martinus Petri, clericus, et Pelagius Petri, qui vocitant Centrona, et María Petri et filii et filiabus nostris» (López Sangil *et al.* 2020: 253-254, doc. 225).

¹⁸ Neste caso apenas se localiza tamén un rexesto datado o 11 de febreiro do referido ano de 1236 (López Sangil *et al.* 2020: 288, doc. 262).

doc. 268; EGPA doc-0227¹⁹). Isto parece confirmar que estamos ante xestións, todas elas, relacionadas cunha dona Maior Pérez de Goimil, en todo caso diferente da dona María Pérez documentada en 1257 no fondo documental de Sobrado. Así o podemos afirmar atendendo a que no último documento referido fálase de que o doado procedía «ex parte patris mei domni Petri Oveci». É dicir, esta dona María Pérez non comparte proxenitor coa homónima de Sobrado, e mesmo está documentado un matrimonio seu cun cabaleiro chamado Martiño Rodríguez, de alcume «Cumbraos». Así, con data do 28 de xullo de 1242, «Maria Petri, filia domni Petri Oveci de Leyro, quidam miles videlicet Martinus Rodderici, dictus de Cuembraos, desponsavit me...», outorgou unha doazón a favor Monfero, cuxos contidos coinciden, precisamente, con outro dos documentos que refería Martínez Salazar, mais, novamente, cun erro de datación que o levou a situalo en 1280, é dicir, pola era hispánica (López Sangil *et al.* 2020: 345-347, doc. 306; EGPA doc-0228)²⁰. O sorprendente é que, de consultar directamente este documento, conservado no propio Arquivo do Reino de Galicia e ao que, polo tanto, tiña acceso directo o investigador, non reparase non só no problema da datación senón tamén nesa referencia explícita á filiación paterna que invalida a súa hipótese identificativa²¹. Estamos, pois, ante un claro exemplo da necesidade de sermos cautos coas coincidencias onomásticas e, en todo caso, serve para comprometer as propostas de Martínez Salazar sobre estes documentos²².

A diferenza do que sucede co caso anterior, a referencia de Martínez Salazar a un documento de 1281 polo que María Pérez doaría a Monfero a súa facenda sita en Vigo e na Pousadoira, aparece tal cal nun dos códices que recollen os contidos do arquivo monástico cara a 1833 (López Sangil *et al.* 2020: 531-532, doc. 487). Aínda así, non podemos descartar que sexa un erro e o documento orixinal, de aparecer, faga referencia en realidade ao ano 1243²³.

¹⁹ <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPA doc/EGPA doc-0227.xml>.

²⁰ <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPA doc/EGPA doc-0228.xml>.

²¹ Neste documento tamén é mencionado un «filio meo, Roderico Martini», o cal reaparece en 1247 documentado como «Rodericus Martini, dictus de Leyro, filius dompne Marie Petri de Guymir» (López Sangil *et al.* 2020: 345-347, doc. 306; 382-383, doc. 331).

²² Pola coincidencia onomástica e os vínculos coa zona de Goimil, tampouco podería ser de todo descartable a súa identificación cunha dona María Pérez que aparece documentada nunha permuta de xaneiro de 1242 outorgada por Xoán Lourenzo, quen se presenta como «filio Laurencii Petri de Guymir et domne Marie Petri» (López Sangil *et al.* 2020: 338-340, doc. 302). Trataríase dunha muller con, cando menos, dous matrimonios diferentes ou, pola contra, unha nova coincidencia antroponímica que nos fala da necesidade de sermos prudentes á hora de extraer conclusións precipitadas sobre as múltiples identidades históricas que moi probablemente se agochan baixo un nome tan común como o de María Pérez, incluso nunha zona próxima.

²³ Aínda así, na década dos 80 do século XIII aparecen documentadas mulleres co nome de María Pérez actuando arredor de Monfero. É o caso, por exemplo, de María Pérez,

Outro documento citado por Martínez Salazar e que constitúe a última data na que o investigador atoparía referencias a María Pérez é unha doazón de 1285 coa sexta parte da igrexa de Mántaras. De novo a identificación deste documento co contido dun rexesto localizado en códices posteriores datado o 1 de maio de 1247 lévanos a expoñer o problema de non pasar a data da era hispánica ao ano da Encarnación (López Sangil *et al.* 2020: 385, doc. 33).

A tenor dos datos anteriormente expostos parece difícil, cando non claramente errado, que a(s) (donas) María(s) Pérez documentadas en Monfero²⁴ sexan a dona María Pérez familiar de Sobrado e/ou, consecuentemente, a protagonista das cantigas. Unha revisión crítica a partir do exame directo da documentación así o confirma.

Apenas nos queda, pois, o documento da nobre da contorna de Sobrado de 1257 e, ao noso entender, non sen grandes dúbidas. De feito, cando Martínez Salazar (1947: 216) rematou o seu traballo sobre a Balteira, advertíanos de que «ninguna otra noticia hemos podido encontrar referente a la bellísima gallega D.^a María Pérez, alias María Balteyra». Mais hoxe, e tras este exame documental, non é só que non poidamos engadir ningún outro documento sobre a Balteira histórica ou a dona María Pérez do documento de Sobrado, senón que, como se puido ver, é preciso reconsiderar os outros documentos por el sinalados para desbotalos. Tanto por cronoloxía como polas posibles identificacións alternativas das Marías Pérez citadas na documentación de Monfero semella necesario falar e insistir na extrema febleza histórica e documental coa que se nos segue a presentar María Pérez, a Balteira, máis dun século despois.

En todo caso, e como xa advertimos, o impacto das afirmacións de Martínez Salazar sobre a figura histórica de María Pérez a Balteira resultou sumamente exitoso. Así, no ámbito da investigación foi frecuente repetir as palabras do arquivista, principalmente a modo de afirmación categórica e sen cuestionar

filla de Pedro Pais e de Marina Rodríguez, que vendeu ao mosteiro unhas propiedades o 9 de xullo de 1283. O documento, até agora inédito, consérvase no Arquivo da Fundación Penzol, Colección B de documentos soltos, n.º 51 (EGPAdoc-0029: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPAdoc/EGPAdoc-0229.xml>).

²⁴ Ademais dos documentos anteriormente mencionados, existen outras Marías Pérez rexistradas entre os pergamiños de Santa María de Monfero (véxase López Sangil *et al.* 2020: 250-252, doc. 223; 300-301, doc. 272, entre outros). Tampouco entre a documentación editada e inédita de Sobrado dos Monxes conseguimos localizar até o de agora máis referencias a unha María Pérez que poidan ser identificada sen dúbida algunha coa do documento de 1257, xa que a onomástica aparece reiterada en contextos e con personalidades diferentes. Por outra parte, algunhas outras propostas identificativas ligadas a outras coleccións documentais galegas referidas en traballos recentes, tanto para María Pérez, como para os seus posibles pais e irmán(s) (véxase Ventura Ruiz 2021: 808-811) semellan igualmente improbables ou, cando menos, polo momento non poden sen confirmadas con seguridade ou solidez, máis alá de formar parte dun conxunto de posibles hipóteses de traballo.

ou ofrecer alternativas. Neste sentido, Ramón Menéndez Pidal (1991 [1942]: 216, 228-234) foi un dos que se fixo eco desta proposta, no marco das súas valoracións —non especialmente favorables— sobre a Balteira. De feito, este investigador, ademais de presentala como unha cortesá que se daría a coñecer na corte de Fernando III —aínda que sitúa a súa fama escandalosa cara a 1257-1267, é dicir, xa na corte de Afonso X—, dá por certa a identificación de Martínez Salazar e detense en extractar e comentar o contido do documento de 1257. Mesmo apoiándose no seu predecesor chega a afirmar con rotundidade:

La Balteira era de Armeá, partido de Betanzos [...]; los documentos que ahí se citan referentes a «doña María Pérez», en Galicia, son de los años 1257, 1263, 1280, 1281 y 1285, vendiendo y donando hacienda en Puertedeume y Betanzos a los monasterios de Sobrado y de Monfero. Siendo el último documento de 1285, cabe pensar que entonces quedó María Pérez desarraigada de su tierra, pensando vivir fuera de Galicia como vivía Pedro Amigo, y probablemente ella (Menéndez Pidal 1991 [1942]: 250, n. 159).

As palabras de Menéndez Pidal outorgan categoría de afirmación ao que inicialmente aínda tiña algo de hipótese en Martínez Salazar e, daquela, os documentos de Monfero —cuxas datas vimos que nos levarían en realidade á primeira metade da centuria— pasaron a ser considerados, en boa medida, como fundamento sólido para trazar unha identidade histórica que se complementa cunha referencia xa non galega senón salmantina. Así, en 1288, Pedro Amigo, cóengo de Oviedo «e compañero de la iglesia de Salamanca», compraría nesta última cidade unhas casas que, en xuño de 1289, doou ao cabido salmantino coa condición de que «María Pérez, ésta que mora agora en estas casas, que more en ellas en toda su vida», sen pagar máis de 25 mrs. Ante estes novos datos, Menéndez Pidal (1991 [1942]: 250) sentencia que «Esta María Pérez no puede ser otra sino la Balteira».

A partir aí, momento no que se asentan definitivamente as bases sobre a historicidade da Balteira, o certo é que proliferaron as reiteracións e, de feito, podemos afirmar que, no panorama investigador das últimas décadas e mesmo na actualidade, segue a predominar ou a reiterarse a identificación proposta por Andrés Martínez Salazar sen grandes reservas. Desta forma, e a pesar de ser conscientes das dificultades sobre a identificación entre a nobre e a soldadeira, cando menos entre os investigadores²⁵, parece haber un consen-

²⁵ De feito xa Joseph T. Snow (1977: 30) sinalou hai medio século que «the evidence of the doc. [of 1257] conflicts with the many poetic testimonies», sen que o convenceran as xustificacións aportadas por Martínez Salazar á hora de encaixar o retrato da soldadeira co da nobre dona María Pérez. Por outra parte, tras reflexionar sobre o documento de Sobrado e algúns dos problemas e posibilidades que, como veremos, foron

so na reiteración desta idea, mesmo sen grandes matices ou estrañezas (Lopes 1992: 238, n. 16; Souza 2002; Doubleday 2004; Pallares Méndez 2011: 177-178; Ventura 2015, 2017, 2021, entre moitos outros), o que explica que sexa esta a imaxe que predomina na divulgación e no imaxinario colectivo²⁶.

Incluso nas principais plataformas e bases de datos dixitais sobre a lírica trobadoresca galego-portuguesa predomina esta identificación da nobre e a soldadeira —mais afortunadamente só baixo a consideración de probable— a raíz do documento de 1257. Así se rexistra no proxecto *Littera* (Lopes, Ferreira *et al.* 2011-), onde se fala de que sería «provavelmente originária da povoação de Armea (Betanzos, A Coruña) na Galiza» e que «os investigadores, desde Martínez Salazar, têm identificado a referida dona [do documento de Sobrado] com a soldadeira. Já sobre o percurso posterior de Maria Balteira não há certezas, mas é possível que ainda fosse viva no início da década de oitenta do século XIII». Nesta mesma liña, e polo momento, no *Glosario do Universo Cantigas* aparece recollida esta hipótese de forma breve, mais única: «prob. orixinaria de Armea (Betanzos)»²⁷.

Aínda así, dentro deste panorama maioritario é importante recoñecer que algúns investigadores si mostraron as súas dúbidas e mesmo formularon algunhas hipóteses alternativas, as cales foron collidas recentemente na entrada correspondente a «Maria Balteira» en Marcenaro e González 2024: 210-211.

indicando Carlos Alvar e António Resende de Oliveira sobre a identificación histórica da Balteira, Esther Corral Díaz (2010: 91) conclúe: «así pois, parece que foi unha nobre que facía o oficio de soldadeira, aínda que é difícil crer, a pesar de todas estas evidencias, que as dúas condicións poidan concorrer na mesma persoa».

²⁶ Reflexo ou consecuencia directa da consolidación e xeneralización destas ideas proto ou pseudobiográficas na literatura académica e divulgativa sobre a Balteira das cantigas é que, incluso en tempos recentes, novelas nas que se recoñece explicitamente un traballo non só de consulta bibliográfica senón tamén arquivístico reproducen fundamentalmente a figura histórica trazada por Martínez Salazar, incluíndo non só o relativo ao documento de Sobrado dos Monxes senón tamén á existencia do irmán Martín Pérez. É o caso da novela en castelán da coruñesa López Villarquide (2021). Contrastan, iso si, algunhas cuestións nun perfil biográfico no que se fala do «pazo de los Pérez» ou que «éramos ricos», mentres se di que «mi padre había sido el más reputado alfayate» e que «Martín [o irmán] hablaba a los vasallos con seguridad y aplomo» (*Idem*: 18-19). Uns anos antes, Manuel Romay López (2013) tamén novelou —así mesmo en castelán, aínda que o título da obra aparece integramente en galego— a figura da Balteira partindo da proposta de Martínez Salazar. De feito, no epílogo afirmase que «existe documentación que prueba que al final de su vida hizo importantes ventas y donaciones de propiedades heredadas de su padre al monasterio de Monfero en los años 1263, 1280, 1281 y 1285», o que claramente descartamos neste traballo.

²⁷ «Maria Perez Balteira, a soldadeira máis coñecida, prob. orixinaria de Armea (Betanzos); activa nas cortes de Fernando III e Afonso X, foi obxecto de múltiples escarnios de diferentes poetas». UC/Glosario, s. v. *Maria Perez* [Consultada: 03/04/2025].

Por unha banda, Carlos Alvar (1985), a pesar de comezar o seu traballo centrado na soldadeira afirmando que «parece indiscutible que María Pérez era de familia noble, con propiedades en Armea (La Coruña)» e mesmo facéndose eco dos documentos de Monfero só a través de Martínez Salazar, posteriormente non dubida en advertirnos que «hemos de mostrar cierta prevención ante el hecho de identificar —sin más— a María Pérez con Balteira: el nombre es demasiado frecuente como para que creamos que sólo lo lleva una persona a mediados del siglo XIII» (*Idem.*: 14). De feito, reexaminando o conxunto documental asociado á posible figura histórica de María Pérez —mais sen que nel se rexistre o alcume de Balteira asociado a esta onomástica, nin a través dun alcume ou apelido de varón co que establecer algún parentesco—, Alvar chega a concluír que «creo que hay, por lo menos, dos Marías Pérez: una salmantina y otra gallega». Por unha parte estaría a María Pérez da área coruñesa, asociada á documentación de Sobrado dos Monxes e de Monfero, datada cara a 1260-1280 segundo as informacións que o investigador tirou de Martínez Salazar, e a cal segue vencellando á soldadeira, e, por outra parte, a María Pérez documentada nos fondos da catedral de Salamanca en 1289 —sobre a que se pregunta se tería algunha relación de parentesco co cóengo Pedro Amigo e que desliga da soldadeira, sobre todo se a mediados da centuria esta última xa era considerada vella²⁸—.

Por outra banda, António Resende de Oliveira (1995: 58-61), partindo das dúbidas de Alvar considera «lícito avanzar un pouco máis e interrogármonos verbo de se mesmo a galega [...] poderá ser identificada coa Balteira», de forma que advirte da necesidade de «procurar elementos documentais que poidan ser considerados máis seguros». Daquela, formula a hipótese de ser «filla dun Pedro ou Pero Balteiro, nome este que non era descoñecido en Galicia», o que o leva a referir documentos da área auriense —concretamente de Sabadelle—, onde se documenta un cabaleiro dese nome, o cal tamén se rexistra no repartimento de Sevilla «mais non sabemos se se tratará do cabaleiro galego que acabamos de indicar». Sen dúbida é unha hipótese suxestiva, na que se reafirmou posteriormente (Oliveira 2013: 397-399) e que, a pesar da súa moito menor fortuna académica e popular, debería ser igualmente contemplada á par que a formulada por Andrés Martínez Salazar.

Se imos máis alá do ámbito da investigación para incluír traballos e produtos de divulgación e creación (ou, mellor dito, recreación) sobre o período medieval, daquela o peso das afirmacións de Martínez Salazar é aínda maior. E isto nun marco como o galego onde María Pérez, a Balteira, ocupa un lugar moi destacado no imaxinario popular, intelectual e académico da Galicia contemporánea. De feito,

²⁸ O que, por outra parte, encaixaría máis coa idea de que se retirase da corte rexia cara ás terras galegas e que mesmo no documento de 1257 se fale do seu posible enterramento.

recollendo o propio cualificativo de Andrés Martínez Salazar, poucas mulleres da nosa Idade Media son tan célebres como a Balteira, sobre todo se temos en conta que a historia das mulleres medievais aínda adoece de carecer dunha máis que necesaria integración plena no discurso historiográfico, educativo e público —e iso a pesar dos grandes avances historiográficos acadados desde finais da década dos 80 do século xx (García-Fernández 2022)— e que, en si mesma, a Balteira representa unha figura de confluencia entre a historiografía, a literatura e outras disciplinas artísticas, sendo referencial xa para diferentes autores, creadores e intelectuais galegos desde finais do século xix e ao longo de todo o século xx. Neste sentido, cómpre destacar que á hora de seleccionar unha «iconografía da Galicia revolucionaria», Luís Seoane, por exemplo, escolleu a Balteira como símbolo da «muller sen prexuízos sociais nin sexuais» (Portela Yáñez 2010: 85)²⁹. Así, non é infrecuente que, a pesar dos escasos e dubidosos datos históricos que temos sobre María Pérez, a Balteira, e de que a propia representación literaria desta figura está ligada fundamentalmente a un proceso de *denigratio* feminina, ao final a Balteira constitúe un dos poucos nomes propios de muller que se divulgan entre o conxunto da sociedade galega e tamén entre o público máis interesado en recuperar e coñecer tanto a historia de Galicia en xeral como a historia das mulleres galegas en particular. Nese marco, a identificación entre a soldadeira e a nobre que se documenta como *familiar* do mosteiro de Sobrado dos Monxes dáse practicamente por segura, sen referir grandes dúbidas ao respecto nin ningunha proposta de identificación alternativa como a de António Resende de Oliveira, que a seguiría ligando a Galicia. Só mencionaremos catro exemplos que, ao mesmo tempo, evidencian formatos de divulgación diferentes: a entrada de «María Balteira» no *Álbum de Galicia* —inicialmente no *Álbum de mulleres*— do Concello da Cultura Galega, da autoría de Marica Campo (2007); o capítulo «As mulleres no século xiii: María Balteira», que forma parte dunha obra divulgativa centrada na historia das mulleres da autoría da historiadora Guillermina Domínguez Touriño e a filóloga Felicia Estévez Salazar (20091, 20172: 9-37, onde se inclúe unha reprodución fotográfica do documento de Sobrado); o capítulo «María Balteira» de Henrique

²⁹ Este non é o lugar para abordar o proceso de construción da Balteira como unha figura feminina referencial no imaxinario cultural e intelectual de Galicia, especialmente no que se refire ao noso pasado medieval. Porén, cómpre advertir que figuras tan destacadas das nosas letras como Lorenzo Varela —neste caso no marco dos *Catro poemas para catro gravados*, en relación coa obra de Seoane—, Xosé María Álvarez Blázquez, Manuel María, Darío Xoán Cabana ou Marica Campo teñen situado a María Pérez a Balteira no centro dalgunhas das súas creacións. Véxase ao respecto, por exemplo, López 1999. Esta tendencia mantense en pleno século xxi, aparecendo como personaxe en novelas de recreación medieval como, por exemplo, *Lourenço, xogar*, coa que Manuel Portas gañou o Premio García Barros 2015, ou *A arte de trobar*, coa que Santiago Lopo gañou o Premio Xerais de Novela 2017.

Egea Lapina (2021: 73-75), nesta caso nunha obra colectiva sobre personalidades históricas de Galicia desde a Prehistoria até a Contemporaneidade, no que se advirte incluso que, máis alá do documento de Sobrado dos Monxes de 1257, «há mais documentos onde o seu nome figura, contudo apresetan problemas de identificación», o que obriga a recoñecer que «na verdade, pouco sabemos delas»³⁰; ou a biografía de «María Peres, A Balteira» que, ilustrada por Nuria Díaz, forma parte dun *Cartafol de ilustracións do Reino de Galiza*, publicado no 2022.

Nos últimos anos, e sen cuestionar ou contemplar a identificación da nobre de 1257 coa soldadeira como unha simple hipótese, senón como unha afirmación categórica sobre a que fundamentar outras propostas encamiñadas a reconstruír a traxectoria vital da Balteira, Joaquim Ventura Ruiz (2015, 2017, 2019, 2021) ten publicado diversos traballos co obxectivo de profundar no coñecemento da Balteira histórica e, sobre todo, da súa familia e vínculos afectivos. Neste caso, e a modo de síntese, deféndese un posible matrimonio cun Froila Afonsi, sobre o que se formula a hipótese de se se podería identificar cun Froila Balteiro —de onde procedería o alcume de Balteira—, unha relación de parella posterior con Pedro García de Ambroa³¹ e mesmo se dá un paso adiante ao defender a existencia dunha posible descendencia (Ventura Ruiz 2021: 811-815). Esta última estaría conformada polos irmáns Pedro Pérez, dito Amigo, e Xoán Pérez de San Xurxo³². A pesar do suxestivo dunhas hipóteses que se

³⁰ De todos modos, e a pesar de recoñecer que «alguns críticos duvidam da identificación das dúas mulleres, com nome idêntico», a coincidencia a teor da cruzada dá pé a ser considerado como «suficiente para identificar ambas as mulleres» (Egea Lapina 2021: 74).

³¹ De feito, chega a afirmarse que o marido, Froila Afonsi, posteriormente mantería unha relación con dona Urraca López, a antiga muller do propio Pedro García de Ambroa, nunha especie de intercambio de parellas (Ventura 2019: 466 e ss.).

³² Aínda que se formula como unha hipótese, e, de feito, afirmase que «de tratarse da *Balteira*, non serían fillos do eventual (primeiro) marido da *Balteira*, Froila Afonsi *Balteiro*, a quen deixou, probablemente, cara 1236 ou algo antes» (Ventura Ruiz 2021: 813) senón dunha relación estraconxugal con Pedro García de Ambroa, o certo é que esta presenta diversas debilidades. Ademais dos problemas de abusar das coincidencias onomásticas —máxime ao tratarse de nomes e patronímicos sumamente comúns—, chégase a xustificar como un erro de lectura ou escrita o feito de que no documento de 1272 onde figuran estes dous homes apareza a fórmula «fillos que fomos de Maria Perez, dicta filla de San Jurgo» (Martínez Salazar 1911: 62-63, doc. 25; EGPA doc-0230: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPA doc/EGPA doc-0230.xml>), en lugar do «somos» que o investigador propón —«penso que ten que ser *somos*», «para min sería a correcta» (Ventura Ruiz 2021: 813)—. De todos modos, convén recordar que, desde un punto de vista xurídico e documental, resulta máis lóxico e sumamente frecuente que a xestión dunha propiedade de orixe materna se xestione por parte dos fillos despois de que a nai falecese e non antes. Ademais, no devandito pergamiño ambos irmáns aparecen co mesmo nome, Pedro, polo que, a maiores da posible gralla anterior, deféndese un *lapis calami* do escribán que confundiría a onomástica de Pedro de San Xurxo con «Johan Amigo» (Ventura 2021: 814).

constrúen en boa medida a partir da revisión de *corpora* documentais integrados no CODOLGA³³, todas elas precisan de novas investigacións que partan dunha revisión máis exhaustiva da documentación orixinal galega, tanto editada como inédita, do século XIII, e que teñan moi en conta os problemas derivados dos usos onomásticos medievais que non sempre nos permitirán pasar da hipótese á afirmación, e máis ante nomes como o de «María Pérez».

En definitiva, malia pasar máis dun século desde que Andrés Martínez Salazar identificou a soldadeira María Pérez, a Balteira, coa dona María Pérez do documento de Santa María de Sobrado e con algunha outra homónima ligada ao mosteiro de Santa María de Monfero, os avances para clarificar a figura histórica da soldadeira cantada e denigrada polos trobadores, incluíndo o monarca Afonso X, non teñen resultado de todo satisfactorios. De feito, podemos valoralos como nada satisfactorios. Así, boa parte das achegas máis recentes ao tema fundaméntase sobre todo nunha sucesión de hipóteses de difícil confirmación, que, por outra parte, tenden a construírse sobre suposicións un tanto difusas, sen cuestionar incluso o punto de partida dunha historicidade que, en boa medida, queda limitada a unha coincidencia homonímica —neste caso, ademais, en exceso común dentro das fontes da época— e á ligazón existente entre esa(s) María(s) Pérez e a «cruzada», tanto nas cantigas galego-portuguesas como nun documento de 1257. En todo caso, aínda mantendo a proposta de Martínez Salazar como unha hipótese suxestiva, si cómpre desbotar, a raíz do aquí presentado, outras posibles identificacións ofrecidas polo mesmo investigador no que respecta a algunhas mulleres homónimas ligadas a Santa María de Monfero. Neste sentido, cómpre recoñecer que pasado o primeiro cuarto do século XXI, seguen sendo numerosos os interrogantes e as incertezas sobre a figura histórica que estaría detrás da soldadeira máis célebre da lírica galego-portuguesa. Talvez a edición de novas fontes, especialmente no marco de proxectos en andamento de edición dixital como o Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA), poidan contribuír a isto. En todo caso, as portas ao avance non están pechadas, aínda que si parece necesario facer unha chamada de atención cara ás supostas certezas existentes en torno a unha figura que, en boa medida, só se nos presenta fortemente imprecisa no histórico e, ao mesmo tempo, inmensamente deformada no literario polas propias imaxes que sobre ela nos ofreceron os trobadores. Ao final, seguimos sabendo moi pouco sobre María Pérez, a Balteira, a pesar da frecuencia coa que é invocada, moi especialmente no imaxinario histórico, popular e de divulgación histórica de Galicia (e non só).

³³ Algunhas delas en clara contradición coas ofrecidas por outros investigadores, por exemplo no que atinxe á figura de Pedro García de Ambroa (véxase Souto Cabo 2006 vs. Ventura Ruiz 2014), figura clave para este autor no que atinxe á historicidade da figura da propia Balteira.

BIBLIOGRAFÍA

- ALVAR, Carlos (1985): «María Pérez, Balteira», en *Aragonese Philology Archive*, 36-37: pp. 11-40.
- BiRMed3 = *Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* [base de datos en liña]. Versión 3.1 (2023). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en <http://www.cirp.gal/birmed>.
- CAMPO, Marica (2007): «María Balteira», en *Álbum de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, en <https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=3011>.
- Cartafol de ilustracións do Reino de Galiza* (2022). A Coruña: MAOS Innovación Social, S. Coop. Galega.
- CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA). Versión 20 (2023). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para la Investigación en Humanidades, en <http://corpus.cirp.es/codolga>.
- CORRAL DÍAZ, Esther (2010): «María Balteira e a peregrinación a Terra Santa», en Carlos Andrés GONZÁLEZ PAZ (ed.), *Mujeres y peregrinación en la Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento / Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 79-97.
- DOMÍNGUEZ TOURIÑO, Guillermina / Felicia ESTÉVEZ SALAZAR (2017 [2009]): *Tres mulleres galegas de armas tomar. María Balteira, María Castaña, María Soliña*. A Coruña: Baía Edicións.
- DOUBLEDAY, Simon R. (2004): «The Ghost of Maria Pérez: Phantoms, Fantasies, and Fictions of Thirteenth-Century Spain», en *Bulletin of Society for Spanish and Portuguese Historical Studies*, 29, 2/3: pp. 4-20.
- EGEA LAPINA, Henrique *et al.* (2021): *Todas mortas e (quase) esquecidas. 50 pessoas que contribuíram para fazer a Galiza como é*. Santiago de Compostela: Através editora.
- EGPA = PICHEL, Ricardo / GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (dirs.): *Escritorio Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela / Alcalá de Henares: Universidade de Santiago de Compostela / Universidad de Alcalá/UNED, en <https://corpora.uah.es/egpa/> [Consultado 12/04/2025].
- FERREIRO, Manuel (dir.) (2018-): *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña, en <http://universocantigas.gal> [Consultado 26/03/2025].
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (no prelo): «Voces documentadas de mujeres referenciadas en la lírica trovadoresca gallego-portuguesa: de la feminidad ficcional a la feminidad histórica», en Meritxell SIMÓ e Esther CORRAL DÍAZ (eds.), *L'espai trobadoresc i les dones. Auteurs, mecenes, representacions*.

- Barcelona / Santiago de Compostela: Universitat de Barcelona / Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel / Ricardo PICHEL (2024): «Os pergamiños de Manuel Murguía (I): documentación medieval de Santa María de Sobrado», en *Murguía. Revista Galega de Historia*, 50.
- LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Archivo Histórico Nacional, 2 vols.
- LOPES, Graça VIDEIRA (1998 [1994]): *A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses. Sátira, zombaria e circunstância no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*. Lisboa: Estampa.
- LOPES, Graça VIDEIRA / FERREIRA, Manuel Pedro *et al.* (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais / FCSH/NOVA, en <http://cantigas.fcsh.unl.pt> [Consultado 26/03/2025].
- LÓPEZ, Teresa (1999): «María Balteira, señora do tempo pasado», en Rosario ÁLVAREZ e Dolores VILAVEDRA (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 795-811.
- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro (2023): *Andrés Martínez Salazar. Aproximación bio-bibliográfica*. A Coruña: Real Academia Galega [Anexos BRAG], en <https://doi.org/10.32766/rag.418>.
- LÓPEZ SANGIL, José Luis *et al.* (2020): *El monasterio cisterciense de Santa María de Monfero en su documentación (1088-1300)*, monográfico de *Nalgures*, XVI.
- LÓPEZ VILLARQUIDE, María (2021): *La juglaresa*. Barcelona: Espasa.
- MARCENARO, Simone / GONZÁLEZ, Déborah (eds.) (2024): *Glossario onomastico e prosopografico della lirica galego-portoghese (XII-XIV secolo)*. Roma: «L'Erma» di Bretschneider.
- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Imp. de la Casa de Misericordia.
- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés (1947): «La Edad Media en Galicia. Una gallega célebre en el siglo XIII», en Andrés MARTÍNEZ SALAZAR, *Algunos temas gallegos*. A Coruña: Moret / Real Academia Galega, pp. 197-216, en <https://doi.org/10.32766/rag.27>.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1991 [1942]): *Poesía juglaresca y juglares. Orígenes de las literaturas románicas*. Madrid: Espasa-Calpe.
- MIRANDA, José Carlos RIBEIRO (2004): «Aurs mesclatz ab argen». *Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Porto: Guarecer.
- MONTEAGUDO, Henrique (2014): *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII. A personalidade histórica do*

- trobador Johan Soayrez Somesso. Os trobadores Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayan*. Noia: Toxosoutos.
- OLIVEIRA, António RESENDE DE (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibri.
- (1995): *Trobadores e xogrades. Contexto histórico*. Vigo: Xerais.
- (2013): «A produção trovadoresca de Afonso X. 1. As sátiras à Balteira», em *Medioevo romanzo* 37/2: pp. 379-399.
- PALLARES MÉNDEZ, Carmen (2011): *Historia das mulleres en Galicia. Idade Media*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/NigraTrea.
- PARDO FERRÍN, María (1959): *Aportación a la historia del Monasterio de Sobrado durante la Alta Edad Media*. [Tese de doutoramento inédita]. Madrid: Universidade Complutense de Madrid, en https://corpus.cirp.es/codolga/files/sobrado_pardo.pdf.
- PORTELA YÁÑEZ, Charo (2010): *Luis Seoane e a Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ROMAY LÓPEZ, Manuel (2013): *María Balteira. A soldadeira máis fermosa da Corte do Rei Sabio*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- SNOW, Joseph T. (1977). *The Poetry of Alfonso X. A critical bibliography*. London: Grant & Cutler [Research Bibliographies and Checklists 19].
- SOUTO CABO, José António (2006): «Pedro García de Ambroa e Pedro de Ambroa», en *Revista de Literatura Medieval* 18: pp. 225-248.
- (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
- (2012): *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximación às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Niterói: Universidade Federal Fluminense.
- SOUZA, Risonete Bautista de (2002): «A mulher nos cancioneiros medievais galego-portugueses: *Maria Pérez*, a Balteira», en Maria do Amparo TAVARES MALEVAL (org.), *Estudos Galegos III*. Niterói: Universidade Federal Fluminense, pp. 123-131.
- UC/Glosario, s. v. *Maria Perez*, en Manuel FERREIRO (dir.) (2014-): *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña, en <http://universocantigas.gal> [Consultado: 03/04/2025].
- VASCONCELLOS, Carolina Michaëlis de (2004): *Glosas marginais ao Cancioneiro medieval português*, ed. Yara FRATESCHI VIEIRA, José Luís RODRÍGUEZ, M.^a Isabel MORÁN CABANAS, José António SOUTO CABO. Coimbra: Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / UNICAMP.

- VÁZQUEZ GARCÍA, Tania (2018): «A representación das soldadeiras nas cantigas de escarnio galego-portuguesas e na cultura visual románica», en *Cuadernos de Estudios Gallegos* LXV/131: pp. 107-131.
- VENTURA RUIZ, Joaquim (2014): «A trindade de Pedro Garcia de Ambroa», en *Revista de Cancioneros, Impresos y Manuscritos*, 3: pp. 181-231.
- VENTURA RUIZ, Joaquim (2015): «A verdadeira cruzada de María Pérez ‘Balteira’», en Carlos ALVAR (coord.), *Estudios de literatura medieval en la Península Ibérica*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 1167-1182.
- VENTURA, Joaquim (2017): «O contrato de María Pérez Balteira con Sobrado», en *Grial. Revista galega de cultura* LV/215: pp. 134-141.
- VENTURA RUIZ, Joaquim (2019): «Los maridos de María Pérez ‘Balteira’», en Isabella TOMASSETTI (coord.), *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, vol. 1, pp. 461-471.
- VENTURA RUIZ, Joaquim (2021): «O fillo (ou fillos?) de María Pérez ‘Balteira’», en Meritxell SIMÓ (coord.), «*Prenga xascú ço qui millorli ès de mon dit*». *Creació, recepció i representació de la literatura medieval*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 801-815.